

De centros de emigrantes a comunidades galegas

A emigración galega ten sido valorada ao longo da historia contemporánea dende perspectivas encontradas: Se no século XIX se consideraba unha gran traxedia colectiva e se clamaba porque os gobernos puxeran remedio a tal sangría (é unha actitude moi común en Europa agás no caso de Gran Bretaña), a comezos do XX víase coma unha oportunidade para o país. As remesas de capital feitas polos emigrantes estaban influíndo seriamente no devalar da economía tradicional campesiña e para a clase política dos partidos turnantes resultaba un mal menor pois, non tendo nin resposta nin vontade para solucionar os problemas do país, o mellor semellaba ser que cada galego se buscara a vida pola súa conta no exterior e financiara as necesidades do interior ademais de eliminar aos individuos que podían causar problemas no futuro tendo en conta a súa teima de pensar e de obrar en consecuencia.

Hoxe tamén a visión do que queda de emigración continúa a erguer discursos encontrados. A capacidade de influír na política do país por vía electoral dun considerable grupo de individuos que en moitos casos nunca estiveron en Galicia, ergue ronchas. E por outra banda hai quen sigue a falar liricamente dos emigrantes en termos tais que semella que aínda vivimos na década dos vinte do século pasado cando os grandes Centros sociais e asistenciais da emigración estaban en plena expansión e cando algúns se consolaban das derrotas internas cantando pretendidas victorias externas.

E sen embargo o que a emigración representa hoxe é, ante todo, un enorme potencial de oportunidades. En primeiro lugar compre deixar de falar de emigración no sentido que se lle daba fai medio século porque esa modalidade de emigración deixou de existir e, se ben hoxe continúa a habela, é certo que nin se dirixe aos destinos tradicionais, nin os seus compoñentes teñen moito que ver cos que integraban a emigración histórica. A emigración tradicional pasou a mellor vida, ben por desaparición biolóxica dos seus protagonistas, ben porque as modalidades actuais son diferentes. Pero as comunidades de galegos ou dos seus descendentes que se autoafirman na galeguidade seguen a existir coma produto final daquela gran enxurrada.

Esas comunidades representan unha enorme oportunidade. Os centros galegos, que sen embargo aglutinan a un número pequeno de individuos en relación cos que están censados no exterior, forman unha rede de extraordinaria importancia ao servizo de Galicia se somos quen de construír unha estratexia de aproveitamento. Eses centros representan hoxe centos (413, exactamen-

De centros de emigrantes a comunidades gallegas

La emigración gallega ha sido valorada a lo largo de la historia contemporánea desde perspectivas encontradas: Si en el siglo XIX se consideraba una gran tragedia colectiva y se clamaba porque los gobiernos pusieran remedio a tal sangría (es una actitud muy común en Europa excepto en el caso de Gran Bretaña), a comienzos del XX se veía como una oportunidad para el país. Las remesas de capital hechas por los emigrantes estaban influyendo seriamente en el retroceso de la economía tradicional campesina y para la clase política de los partidos turnantes resultaba un mal menor pues, no teniendo ni respuesta ni voluntad para solucionar los problemas del país, lo mejor parecía ser que cada gallego se buscara la vida por su cuenta en el exterior y financiara las necesidades del interior además de eliminar a los individuos que podían causar problemas en el futuro teniendo en cuenta su manía de pensar y de obrar en consecuencia.

Hoy también la visión de lo que queda de emigración continúa levantando discursos encontrados. La capacidad de influir en la política del país por vía electoral de un considerable grupo de individuos que en muchos casos nunca estuvieron en Galicia, levanta ampollas. Y por otro lado hay quien sigue hablando líricamente de los emigrantes en términos tales que parece que aún vivimos en la década de los veinte del siglo pasado cuando los grandes Centros sociales y asistenciales de la emigración estaban en plena expansión y cuando algunos se consolaban de las derrotas internas cantando pretendidas victorias externas.

Y sin embargo lo que la emigración representa hoy es, ante todo, un enorme potencial de oportunidades. En primer lugar es necesario dejar de hablar de emigración en el sentido que se le daba hace medio siglo porque esa modalidad de emigración dejó de existir y, si bien hoy continúa habiéndola, es cierto que ni se dirige a los destinos tradicionales, ni sus componentes tienen mucho que ver con los que integraban la emigración histórica. La emigración tradicional pasó a mejor vida, bien por desaparición biológica de sus protagonistas, bien porque las modalidades actuales son diferentes. Pero las comunidades de gallegos o de sus descendientes que se autoafirman en la galleguidad siguen existiendo como producto final de aquel gran aluvión.

Esas comunidades representan una enorme oportunidad. Los centros gallegos, que sin embargo aglutinan a un número pequeño de individuos en relación con los que están censados en el exterior, forman una rede de extraordinaria importancia al servicio de Galicia se somos quien de construir una estrategia de aprovechamiento. Esos centros representan hoy cientos (413, exactamen-

mente) de oficinas de turismo, de plataformas de encontro empresarial e de espazos de difusión cultural que á comunidade galega saénlle gratis. Ningunha comunidade autónoma ten nada semellante. Ni o propio Estado Español conta con rede tal a tan baixo custo. Abonda indicar que si sumamos as Embaixadas, os Institutos Cervantes e os Centros Culturais Españois espallados polo mundo, son menos que centros galegos. Agora poderíamos comparar o custo de mantemento dunha Embaixada coa subvención promedio que recibe da Secretaría Xeral de Emigración os diversos centros e comezaríamos a decatarnos de que por un prezo simbólico Galicia pode contar con unha infraestrutura de presenza no exterior absolutamente envexable. Nun mundo crecientemente globalizado un pequeno país coma o noso non ten moitas posibilidades de sobrevivir si non sae fora de si mesmo, se non se plantexa a súa existencia en termos de universalidade. Compre, pois, comezar a falar das galicias e non só de Galicia pois a Galicia territorial e xa só unha parte deste conglomerado global aínda que sexa a parte que lle da sentido a todo. Nese espazo mundializado esta Terra está hoxe en condicións de dar o mellor de si. E se queremos continuar a existir coma pobo velahí por onde van os nosos vieiros de futuro. **G**

Manuel Luis Rodríguez González é secretario xeral de Emigración.

te) de oficinas de turismo, de plataformas de encontro empresarial y de espacios de difusión cultural que a la comunidad gallega le salen gratis. Ninguna comunidad autónoma tiene nada semejante. Ni el propio Estado Español cuenta con red tal a tan bajo coste. Sobra indicar que si sumamos las Embajadas, los Institutos Cervantes y los Centros Culturales Españoles esparcidos por el mundo, son menos que centros gallegos. Ahora podríamos comparar el coste de mantenimiento de una Embajada con la subvención promedio que recibe de la Secretaría Xeral de Emigración los diversos centros y comenzaríamos a darnos cuenta de que por un precio simbólico Galicia puede contar con una infraestructura de presencia en el exterior absolutamente envidiable. En un mundo crecientemente globalizado un pequeño país como el nuestro no tiene muchas posibilidades de sobrevivir si no sale fuera de sí mismo, si no se plantea su existencia en términos de universalidad. Es necesario, pues, comenzar a hablar de las galicias y no sólo de Galicia pues la Galicia territorial es ya sólo una parte de este conglomerado global aunque sea la parte que le da sentido a todo. En ese espacio mundializado esta Tierra está hoy en condiciones de dar lo mejor de si. Y si queremos continuar existiendo como pueblo es ahí por donde van nuestros caminos de futuro. **G**

Manuel Luis Rodríguez González es secretario general de Emigración.